


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/09/2021 14:11:45

SAIDA

14744/21



Reclamante: [redacted] e [redacted] en
representación [redacted]

Expediente. Nº RSCTG 111/2021

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación
presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de
xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [redacted] e [redacted]
en representación de [redacted] mediante escrito do 5 de agosto de 2021,
e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación,
a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de setembro de 2021, adopta a
seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [redacted] e [redacted] en representación de [redacted]
[redacted] presentaron mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor
do Pobo o 5 de agosto de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición
adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a
desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante o Concello de Ourense, de
acceso ao expediente/Contrato/Convenio ou calquera outro documento que ampare a
adxudicación ou negocio xurídico da campaña publicitaria denominada "Ourense en obras",
cuxa emisión tivo lugar a través de Auria TV entre o 1 e 11 de xuño de 2021, o informe de

necesidade asinado polo Técnico competente para a adxudicación e a factura regulamentaria emitida pola entidade adxudicataria.

O reclamante en resume indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude e que non concorren na mesma, ningún dos límites de acceso á información establecido s no artigo 14 da Lei 19/2013, nin causa de inadmisión algunha. O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e da acreditación da representación en base á cal se presenta a reclamación.

Segundo. Con data do 20 de agosto de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Ourense para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 6 de setembro de 2021, o Concello de Ourense contesta a petición remitindo un oficio no que informa os reclamantes presentaron solicitude con data do 23 de xuño de 2021 da información indicada, e o Concello non deu resposta expresa a esa solicitude, nin realizou ningún trámite ao respecto. Informa que a campaña publicitaria "Ourense en obras" á que se refire a solicitude, non é unha campaña publicitaria do Concello de Ourense, que non encargou nin contratou a súa realización a ningunha persoa física nin xurídica, polo que non existe a información pública solicitada e por tanto, procede a denegación da solicitude formulada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Ourense non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública. O posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións.

É necesario lembrar que o obxectivo final da Lei é o escrutinio da acción pública, mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos.

No presente caso, a informe solicitada non esta en poder da Administración á que se lle solicitou, dado que de acordo co que figura no informe remitido pola alcaldía, a campaña sobre a que se solicita informe non é unha campaña publicitaria do Concello de Ourense.

O anterior non exime ao Concello de resolver expresamente a solicitude de acceso á información presentada. Nos supostos nos que a información solicitada non existe ou non obra en poder do suxeito ao que se dirixe a petición, satisfáise o dereito de acceso á

información pública do solicitante mediante a comunicación expresa a través da correspondente resolución, en cumprimento da obriga da Administración de resolver de forma expresa e notificar a resolución en todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación establecida no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 20.1 da Lei 19/2013, que a obriga de ditar resolución sobre as solicitudes de acceso á información no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, debendo o Concello ditar resolución expresa co que proceda, e notificala aos solicitantes.

Debe lembrarse ao Concello de Ourense que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigación de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] e [REDACTED] en representación de [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante o Concello de Ourense, de acceso á documentación solicitada sobre a campaña publicitaria denominada "Ourense en obras".

Segundo: Instar ao Concello de Ourense, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Ourense a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no



artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2021.09.23 13:27:32 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.